



CEIP PLURILINGÜE DE OUTES CURSO 2021/2022



**MEMORIA PARA O
VIII CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS
BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA**

ÍNDICE

Introdución.....	2
Obxecto ou temática de investigación propostos.....	5
Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.....	5
Documentación elaborada para profesorado e alumnado.....	6
Relación de tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado..	6
Recursos utilizados e fontes consultadas para a investigación.....	13
Implicación da comunidade educativa.....	13
Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.....	13
Avaliación en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo..	16
Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.....	16





INTRODUCCIÓN

Xustificación

No CEIP Plurilingüe de Outes cremos que ensinar aos nenos e nenas a interpretar a realidade que nos rodea coa finalidade de intervir na súa mellora debe ser un dos obxectivos principais da educación. Foi por iso que puxemos en marcha o proxecto de investigación “OUTES SOSTIBLE. Cidadáns do presente para o futuro” e que ven de desenvolverse ao longo deste curso 2021-22.

O proxecto nace co obxectivo de promover cidadás comprometidas con un estilo de vida sostible e coa promoción dos hábitos precisos tamén nas persoas que lles rodean.

Da man deste gran obxectivo van outros no menos importantes como o de impulsar os talentos STEAM, empoderando especialmente ás nenas en tarefas de corte científico-tecnolóxico.

Planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación

A posta en práctica dun proxecto está xa de por si relacionada con numerosos elementos prescriptivos do currículo, especialmente relacionados coas áreas das linguas e os primeiros bloques de ciencias sociais e ciencias naturais relacionados coa posta en práctica de procesos de investigación, tratamento da información, todo o que ten que ver coa competencia dixital, etc...

Ademais neste caso, o proxecto é tan transversal e aborda tantas temáticas que os elementos prescriptivos do currículo asociados á temática son moitos e poden agruparse en todos os que teñen que ver coa contorna natural e social, ecoloxía, medioambiente, industria... tratamento da diversidade, igualdade...

No caso deste proxecto fíxose tamén un esforzo especial por abordar o pensamento computacional e os contidos asociados á competencia dixital e o pensamento creativo.

Por último podemos dicir que tamén de xeito transversal e moi especial se vincula con educación para a cidadanía ou o traballo proactivo para o coñecemento e a favor da propia comunidade.



Contribución do proxecto ao desenvolvemento das competencias clave

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Traballo na fase de investigación, recollida de información a través de visionado de documentos, comprensión de textos orais e de informacións audiovisuais para obter información xeral sobre feitos e acontecementos, exposición ante a clase da información recollida nas postas en común, escoita activa aos compañeir@s, exposición do investigado para o vídeo expositivo, alfabetización mediática no estudo das propiedades dos produtos de concienciación: infografía, cartelería para o posto na feira, linguaxes diversas...

COMPETENCIA MATEMÁTICA E C. BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Análise estadístico de diagnóstico e actitudes e hábitos relacionados coas distintas temáticas para abordar posteriormente o traballo en posibles solucións. Estadística e porcentaxes tamén no proceso de investigación no que se abordaron estudos relacionados. Proceso de prototipado de solucións tecnolóxicas a traves da posta en marcha dun proceso de design thinking e coa introducción na programación a través das placas Makey-makey e Microbit e os programas Scratch e MakeCode.

COMPETENCIA DIXITAL

Tanto polo proceso de alfabetización informacional, un dos aspectos máis importantes levados a cabo no proxecto, como polo uso de ferramentas dixitais: buscadores, procesador de texto, editores de presentacións, etc. Tamén no uso das placas e os programas para iniciación á programación anteriormente mencionados.

APRENDER A APRENDER

Todo o proceso contribúe ao desenvolvemento desta competencia, dende o fomento da autonomía para levar a cabo procedementos que comezan dun xeito máis guiado.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS e SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

Dende a perspectiva do traballo cooperativo, é precisa a achega de tod@s para a consecución do éxito do proxecto, e todo o que iso implica de escoita activa, respecto polo outro, implicación, motivación, autonomía, iniciativa na proposta de liñas de traballo, etc. Ademais as dinámicas de aprendizaxe-servizo, tanto na finalidade do produto de centro, a propia feira, como as propostas de mellora de hábitos para toda a comunidade.



SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPREENDEDOR

A aprendizaxe ao longo do proceso de investigación e de creación de produtos derivados da mesma, empodera ao alumnado para facerse cada vez máis autónomo no mesmo e incluso para sentirse capaz de afrontar retos similares pola súa conta, animándoos a emprender proxectos por si mesmos.

Calendario para as tarefas previstas

Comezamos cunha planificación inicial, que se viu despois adaptada na posta en práctica. En canto á temporalización xeral retrasouse un mes a realización de produtos e difusión.

Neste curso o plantexamento de celebración de efemérides foi distinto, xa que se deixaron algunhas propostas abertas a que as liñas que estaban abordando temáticas vinculadas se ocupasen de facer unha proposta de celebración de dita efeméride vinculada e contextualizada no proxecto e que debían organizar e xustificar. Desta liña de traballo xurdiron propostas como “Zapatos vermellos”, “o entroido choqueiro” ou a “ximcana da corresponsabilidade” que poderemos ver en detalle máis adiante.

Alumnado e profesorado participante

Participaron no PDI todo o alumnado e profesorado do centro. As liñas de investigación repartíronse entre todos os niveis e ademais, os mestres e mestras das distintas especialidades tamén contribuíron con distintas propostas.

Organización para a súa realización

O proxecto coordinouse dende a biblioteca en liñas xerais. Comezou lanzándose a proposta incluída na presentación para sentar as bases dunha liña de traballo coherente en todas as aulas. A partir de aí, foi o profesorado de cada liña o que, co soporte e asesoramento da biblioteca, guiou o proceso de investigación e realización dos produtos en cada unha das liñas.

O alumnado tamén tivo oportunidade de colaborar no deseño de traballo das distintas liñas, o alumnado colaborador da biblioteca participou no deseño de algunha das propostas comunitarias, e o alumnado representante de cada aula deseñaron, xustificaron e organizaron as actividades de alomenos unha efeméride relacionada coa súa liña de investigación.



OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O noso PDI “Outes Sostible” pretende facer unha análise da nosa contorna a nivel sistémico, tendo en conta o seu estado, pero tamén os hábitos e formas de actuar da nosa comunidade empregando como eixo de análise os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 da ONU. A finalidade desa análise é a de implementar melloras en ditos hábitos a través da elaboración dun dossier de propostas para a poboación e as institucións públicas e empresas locais.

Para iso o alumnado abordou o coñecemento dos ODS organizados en 4 grandes liñas: coeducación e corresponsabilidade, consumo responsable, coidado dos ecosistemas e industria e cidades sostibles. A partir do coñecemento dos obxectivos que conforman cada liña, diagnosticou o estado no que se atopa a nosa comunidade para facer propostas de melloras.

De xeito paralelo, o alumnado traballou no deseño de prototipos tecnolóxicos que aportaron solucións concretas en cada un dos ámbitos de estudo seguindo a metodoloxía Design Thinking e iniciándose no pensamento computacional a través das placas de programación Microbit e Makey, makey e dos programas Scratch e MakeCode. Para levar a cabo toda esta parte do proxecto todo profesorado recibiu formación, seguimento e asesoramento ao longo de todo o curso con Paola Guimeráns.

O proxecto culminou na feira “Outes Sostible” na que o alumnado tivo a oportunidade de compartir os resultados das súas investigacións e proxectos de prototipado.

BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O deseño inicial da proposta foi a cargo do equipo de biblioteca, aínda que nel se recolleron ideas e propostas de todo o claustro. Nun primeiro momento deseñáronse liñas de investigación dentro da temática proposta, recomendacións de investigación dentro de cada liña, proposta de algunha posible efeméride que por temática ofrecía investigación de interese, unha primeira aproximación aos posibles produtos e o calendario de temporalización do proxecto. Toda esta planificación recolleuse nunha presentación que se entregou ao profesorado nun primeiro momento e ás aulas na presentación do proxecto.



Ao longo do proxecto foron varios os momentos nos que se presentaron documentos para o profesorado con axustes ou concrecións da programación previa. [Neste enlace](#) poden visualizarse varios dos documentos elaborados ao longo do curso.

DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

As mencionadas programacións nas que se recolleron a planificación e unha guía xeral do proxecto, guías individualizadas para cada unha das liñas con propostas de investigación que se poden [consultar aquí](#). Entrégase anexa unha carpeta con máis documentación.

Ademais, a biblioteca foi a encargada de recoller os produtos das distintas liñas e cohesinalos en presentacións, vídeos, etc... para o seu intercambio coas outras aulas e posterior visionado, tanto do resto do alumnado como da comunidade a través da súa difusión no blogue.

Cabe sinalar, que o resto de materiais precisos foron elaborados polos docentes que guiaron os procesos de investigación nas aulas co apoio e asesoramento do equipo da biblioteca.

Ademais tamén se levaron a cabo selección e curación de infografías para ilustrar ou servir de exemplo no proceso de creación dos produtos. [Consultar selección aquí](#)

Ademais elaboráronse materiais diversos para a imaxe da feira e para actividades que se levaron a cabo na mesma. [Materias feira aquí](#)

RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

PRESENTACIÓN DO PROXECTO (premer nos símbolos para acceder)



“Outes Sostible” é un proxecto cun obxectivo moi claro, fomentar a concienciación do alumnado sobre as melloras que pode abordar na súa contorna e empoderalos para facelo a través dos seus propios procesos de investigación e das dinámicas que poden poñer en marcha, empregando como eixo de análise os obxectivos 2030 da ONU.

Da man deste gran obxectivo van outros non menos importantes como o de impulsar os talentos STEAM, empoderando especialmente ás nenas en tarefas de corte científico-tecnolóxico.

O proxecto presentouse o 24 de outubro, día das bibliotecas, e no mesmo fíxose entrega a cada aula dun dossier de




presentación xeral do proxecto e da súa liña de traballo en particular.

Para a presentación elaborouse unha [presentación motivacional en Genially](#) que pode consultarse no enlace do título desta sección, e entregouse a cada clase unha proposta guía coa contextualización das súas liñas que poden verse [aquí](#). A partir dese momento foron as clases as que comezaron co proceso de investigación, que recibiu apoio e asesoramento da biblioteca en varios momentos, así como a proposta de tarefas comunitarias que foron dinamizando todo o proceso.

INVESTIGACIÓN NAS AULAS E REALIZACIÓN DOS PRODUTOS

En liñas xerais e moi resumidas o **proceso levado a cabo nas aulas** foi o seguinte:

Investigación e diagnóstico da situación. Investigamos aspectos diversos relacionados coas nosas liñas, os ODS 2030 que abordamos, a que fan referencia, preparamos enquisas para a comunidade, fixemos o estudo estadístico e traballamos ese datos á par da información coa que contabamos.




Con toda esa información traballamos sobre a proposta de liñas de mellora que recolleemos en 3 dossiers para a cidadanía, institucións públicas e empresas.

De xeito gráfico tamén plasmamos esas melloras en INFOGRAFÍAS, para as que tivemos que facer un estudo previo desta tipoloxía textual.




En base a toda esta análise iniciamos un proceso de prototipado a través da metodoloxía Design Thinking, na que tivemos que empatizar coas necesidades que observabamos para crear solucións tecnolóxicas que abordasen a mellora desas problemáticas.



Abordamos análise de funcionamento de distintas máquinas para iniciarnos na comprensión do que en linguaxe computacional se denomina INPUTS e OUTPUTS.

Para darlle vida aos prototipos empregamos dúas placas, a MAKEY-MAKEY e MICROBIT, que programamos a través dos programas SCRATCH e MAKE-CODE respectivamente. Abordáronse contidos relacionados coa programación e electricidade/electrónica, montaxe de circuitos, etc... Para acompañar todo o proceso o profesorado recibiu formación e asesoramento ao longo de todo o curso de Paola Guimeráns.

Neste proceso, ademais, o alumnado de maior idade entrou como experto para ensinar e axudar cos procesos de programación do alumnado máis pequeno.



Con toda a información recabada, os deseños dos nosos prototipos e as maquetas dos mesmos, chegou o momento de preparar os stands da feira, para o que cada clase montou un panel informativo, paneis de exposición do proceso de prototipado, o prototipo e outros elementos complementarios.





De xeito máis concreto...

LIÑA DE IGUALDADE (ED. INFANTIL)

As aulas de Infantil centráronse no ODS 5 "Igualdade de xénero", ODS10 "Redución das desigualdades", 16 "Paz, xustiza e institucións". Comenzamos analizando termos como xénero e igualdade de xénero. Reflexionamos e analizamos as desigualdades de xénero que se producen nos fogares respecto as tarefas cotias. Analizada a realidade investigamos as posibles causas do que ocorría en Outes e deseñamos unha "Xincana da corresponsabilidade" para que todo o alumnado tivera a posibilidade de realizar diferentes tarefas domésticas.

Este punto de partida deu paso a un análise moito máis profunda das desigualdades noutros ámbitos da nosa sociedade e centramos o foco no deporte, o traballo os coidados e o noso contexto, avaliando a presenza de mulleres na rúa (nomes de Muller nas rúas e nos edificios públicos. Para coñecer a nosa realidade fixemos enquisas na Comunidade Educativa sobre estes aspectos.

Tras analizar os datos obtidos elaboramos propostas de mellora que recollemos nos dossiers colectivos e nas infografías e levamos a cabo o prototipado de distintas solucións tecnolóxicas:

El A: Prototipo co obxectivo de facilitar a práctica deportiva, capaz de cambiar actividade física por tarefas do fogar: levar o coche ao taller, poñer a lavadora... tras analizar o tempo adicado a tarefas do fogar como unha das causas para que as mulleres realizasen menos deporte.

El B: Prototipo que axuda a coñecer a procedencia do nome das rúas e edificios do Concello e solicitude con recollida de sinaturas para que a Casa da Cultura ou a Biblioteca Municipal leve o nome de Nicolasa Añón, poeta silenciada por ser Muller, tras analizar entre o seu irmán e ela, os dous poetas, a gran diferenza de recoñecemento que teñen ambas figuras no concello.

El C: Prototipo que fomenta a redución de desigualdades no ámbito do traballo tras analizar que moi poucas mulleres en Outes ocupan cargos directivos e os seus traballos se centran no sector do coidado persoal: perruquerías, salóns de beleza...

El D: Robot coidador con sensor de vida que avisa á ambulancia se a persoa coidada o precisa e a acompaña para que non se sinta soa tras analizar a enorme inversión de tempo das mulleres no coidado da descendencia ou maiores a cargo.



LIÑA DE CONSUMO RESPONSABLE (1º CICLO ED. PRIMARIA)

As aulas do primeiro ciclo centráronse no ODS 1 “Fin da pobreza”, 2 “Fame cero”, 8 “traballo decente e crecemento económico” e 12 “Produción e consumo responsables”. Comenzamos analizando termos relacionados con cada un dos ODS. Reflexionamos e analizamos condicións laborais, situacións de desigualdade norte/sur e centrámonos de xeito especial no consumo. Dentro desta liña comezamos polas consecuencias da moda rápida e deseñamos un vídeo para concienciar sobre a reutilización e reciclaxe promovendo un entroido máis sostible “O entroido choqueiro”.

Este punto de partida deu paso a un análise moito máis profunda do consumo noutros ámbitos e centramos o foco no consumo de plásticos, papel e electricidade e como vía de mellora no consumo de cercanía. Para coñecer a nosa realidade fixemos enquisas na Comunidade Educativa sobre estes aspectos.

Tras analizar os datos obtidos elaboramos propostas de mellora que recollemos nos dossieres colectivos e nas infografías e levamos a cabo o prototipado de distintas solucións tecnolóxicas:

1ªA: Robot que libera animais atrapados no plástico mentres filtra microplásticos da auga do mar, despois de coñecer a cadea do plástico e comprobar cantas consecuencias medioambientais e sanitarias ten o seu consumo en exceso.

1ªB: Robot que promove a alimentación saudable e o consumo de cercanía.

2ªA: Deseño de aparellos diversos para reducir o consumo eléctrico dos nosos fogares co uso de enerxía solar e cinética.

2ªB: Máquina que garante o correcto uso do papel nos baños do centro á vez que recicla o papel que cae ao chan.

LIÑA DE AUGA LIMPA E MEDIOAMBIENTE (2º CICLO ED. PRIMARIA)

As aulas do segundo ciclo centráronse no ODS 6 “Auga limpa e saneamento”, 13 “Acción por el clima”, 14 “Vida Submarina” e 15 “Vida de ecosistemas terrestres”. Abordaron a importancia de dispor de auga limpa e os procesos polos que pasa ata chegar a ser potable, experimentaron con filtros naturais e auga e os factores que inciden na súa contaminación, tanto de auga doce como dos fondos mariños. Experimentaron coa contaminación dunha pila da auga e da velocidade de degradación da toalliñas hixiénicas. Ademais fixeron un estudo dos ecosistemas presentes no Camiño de Santiago reflexionando sobre o deterioro ao que se ven suxeitos pola inmensa afluencia de peregrinos.

As solucións tecnolóxicas deste ciclo foron as seguintes:



3ºA: Robot intelixente que limpa o camiño, facendo separación intelixente de residuos e cambiando as rodas en función do terreo polo que transita.

4ºA: Máquina de filtrado de auga con tres filtros en función do tamaño das partículas e medición automática de nivel de auga nos recipientes que debe encher.

4ºB: Submarino que dota de osíxeno a estanques, ríos e lagoas que debido á eutrofización non teñen a cantidade correcta.

LIÑA DE ENERXÍA, INDUSTRIA E CIDADES SOSTIBLES (3º CICLO ED. PRIMARIA)

As aulas do terceiro ciclo centráronse no ODS 7 “Enerxía asequible e non contaminante”, 9 “Industria, innovación e infraestrutura”, 11 “Cidades e comunidades sostibles” e 13 “Acción polo clima”. Abordaron a importancia do uso de enerxías renovables e as consecuencias mediambientais das non renovables, a contaminación asociada á industria e as condicións que debe ter unha comunidade para ser sostible. Ademais falaron con algunha das empresas de Outes para elaborar enquisas das que sacar datos para a análise.

As solucións tecnolóxicas deste ciclo foron as seguintes:

5ºA: Papeleira intelixente de uso por puntos para fomentar a reciclaxe cidadá, submarino intelixente e aparello regulador da cantidade de auga que precisan as plantas.

6ºA: Prototipo para a redución de enerxía eléctrica tras analizar o baixo consumo de renovables e o alto custe da mesma.

6ºB: Maqueta da Serra de Outes na que plasmaron un carril bici tras visionar distintos exemplos de cidades sostibles e reflexionar sobre que podía mellorarse no concello neste sentido.

CONTRIBUCIÓN DENDE AS ESPECIALIDADES

En xeral os especialistas colaboraron en distintas liñas como mestres de apoio en distintas liñas, especialmente nos momentos de máis carga de traballo.

Dende a área de Ed. Física organización de distintas andainas sostibles polo Concello con recollida de lixo asociada, propuxeron actividades e xogos con material de refugallo e fomentaron a actividade física a través de distintas propostas. Traballo de vocabulario relacionado na área de Lingua Estranxeira.

OUTRAS TAREFAS LEVADAS A CABO

● 25 DE NOVIEMBRE. DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A proposta da liña de igualdade, Instalación “Zapatos Rojos” baseada na obra de Elina Chauvert, na que se simbolizan todas as violencias contra as mulleres. Información e imaxes no enlace



● **DÍA DA PAZ. INSTALACIÓN "TEMOS A CHAVE". REFLEXIÓN SOBRE A RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL NA MELLORA DA CONVIVENCIA**

Todo o centro colaborou na instalación artística baseada na obra de Chiaru Shiota que titulamos "Temos a chave". Unha instalación que buscaba reflexionar sobre a responsabilidade individual e propia que cada un/unha temos na construción dunha convivencia pacífica en comunidade que se tece en rede.

Por iso a nosa rede recolle os compromisos individuais que escollimos cada unha de nós trala reflexión e que nos permitirán vivir xuntas nesta comunidade que habitamos cada día. Quixemos abrir a colaboración de compromisos ás familias, pero a situación COVID nese momento fixo totalmente imposible esta intención #



● **DÍA DA MULLER E A NENA NA CIENCIA**

Tertulia na radio a cargo do alumnado de 1º de Primaria e exposición bibliográfica na biblioteca. Máis en #.

● **ENTROIDO CHOQUEIRO**

A proposta do alumnado de 1º Ciclo, dentro da liña de Consumo Responsable, investigación sobre as consecuencias ambientais da moda rápida e proposta de celebración dun entroido máis sostible "O entroido choqueiro", no que elaborar os nosos disfraces a partir de recursos presentes nas nosas casas. Para trasladar a proposta ao resto do centro, elaboración dun anuncio/reportaxe de concienciación que se pode ver en #.

● **8 de MARZO. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

A proposta da Etapa de Ed. Infantil, Ximcana da Corresponsabilidade. Unha ximcana de labores do fogar pola que pasou todo o alumnado e que naceu froito da investigación do alumnado de infantil sobre o reparto das mesmas e da organización de estacións, tempos e recursos para poder levar a cabo a ximcana. #

Tamén a proposta desta etapa, o tendal reivindicativo "Palabras pola igualdade", instalación artística na que o alumnado de todo o centro reclama unha sociedade máis xusta para as mulleres a través dunha igualdade de dereitos que parece urxente abordar. #

E visita das mulleres da asociación "A Portela Vella" encargadas da recuperación dos SanCosmeiros, mantendo vivas as nosas tradicións.





ELABORACIÓN DE PRODUCTOS E FASE DE DIFUSIÓN

En apartado “Difusión dos traballos entre a comunidade educativa” relación de produtos e fase de difusión a través da feira “OUTES SOSTIBLE”.

RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Foron múltiples os recursos empregados neste proxecto, tendo en conta especialmente a fase de prototipado, na que empregamos placas e materiais variados de electrónica así como múltiples elementos de refugallo. Ademais tamén se empregaron recursos diversos en experiencias para clarificar conceptos de todo tipo: reciclaxe de papel, filtrado de auga con elementos naturais, etc...

En canto ás fontes empregadas tamén foron múltiples, pero en termos xerais bibliografía xa presente na biblioteca, fontes webgráficas e colaboración de expert@s e familias.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

No centro colaborou no proxecto todo o alumnado e o profesorado, pero tamén o persoal de servizos colaborou na recollida de datos por exemplo da liña de igualdade.

As familias participaron na fase de diagnóstico, aportaron información e axudaron ao alumnado en procesos varios nas casas e incluso actuaron como expertas en algunha das liñas. Ademais foron o público da feira e como receptoras da campaña de sensibilización.

O alumnado de Infantil visitou ao alcalde para facerlle unha proposta de nome en feminino da Casa da Cultura ou a Biblioteca Municipal que quedou en trasladar ao pleno. Ademais tivemos tamén a colaboración do concello na iluminación da feira e na pegada de infografías por todo o concello.

DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Como produto final do proxecto, e a modo de difusión do traballo realizado, deseñouse a

FEIRA

“OUTES SOSTIBLE”





Unha feira que tiña como obxectivo o de concienciar á comunidade da importancia de adoptar hábitos sostible e na que tivemos a oportunidade de mostrar os resultados das nosas investigacións e procesos de prototipado.

● DIFUSIÓN NO BLOGUE DA BIBLIOTECA E EN REDES SOCIAIS

Traballo xenérico de centro no blogue: https://bibliooutes.blogspot.com/search/label/PDI_Outes_Sostible

MOI INTERESANTE, porque reflexa moito do traballo feito en varias das aulas, enlace ao hashtag xenérico que empregamos en Instagram (case 200 publicacións de traballo realizado nas aulas e tamén de propostas xenéricas): <https://www.instagram.com/explore/tags/ceipoutessostible/>

● PRODUTOS DAS AULAS

Proponse que cada liña de investigación xere un produto de difusión para a campaña de concienciación: unha infografía de recomendacións de mellora da sostibilidade de actuacións vinculadas á súa liña de investigación, que xurde ademais dunha secuencia de abordaxe e coñecemento desta tipoloxía textual.

Programas varios de radio de temas relacionados cos contidos abordados e que poden escoitarse na nosa canle IVOOX ou no blog da biblioteca.   [Premer para ir](#)

Por outra banda, cada liña colaborou na elaboración de [3 dossiers colaborativos](#) nos que se vertebrarán esas recomendacións vinculadas ás liñas dos ODS para 3 tipos de público concretos: cidadanía, administracións públicas e tecido empresarial.

Ademais, **para presentar na feira:**

Cada aula preparou o seu stand que incluía:

Un panel no que plasmou os resultados das súas investigacións e un discurso para presentar os mesmos na feira.

A presentación do seu prototipo, acompañado da xustificación da necesidade que ese prototipo cubre e o proceso de diagnóstico, planificación, elaboración e programación de habilidades do mesmo.



Calquera outro material complementario que quixeron engadir ao seu stand vinculado coa súa temática de investigación.

● A FEIRA “OUTES SOSTIBLE”

A feira “Outes Sostible” foi o gran broche final a un arduo proceso de traballo e a mellor ocasión para compartir coa familia e veciñanza os resultados do mesmo.

Organizouse en 2 espazos nos que había un total de 14 postos ubicados por liñas:

- A liña de igualdade con 4 postos: Muller e deporte, Muller e traballo, Muller en Outes e Muller e coidados.
- A liña de consumo responsable con 4 postos: Plásticos, Consumo de cercanía, Unha casa para reducir o consumo e Consumo de papel
- A liña de medioambiente con 3 postos: Coidado dos ecosistemas, Auga limpa e O mundo Mariño
- E a liña de Enerxías e Industria con 3 postos: Outes sostible, Enerxía e Camiños seguros.

Ademais na entrada de cada un dos dous espazos a feira contaba cun posto xenérico onde se convidaba a@s asistentes a facerse co [SELO “OUTES SOSTIBLE”](#). Para conseguir ese selo tiñan que cubrir previamente en un [tarxetón](#) aquelas liñas de actuación sostible que xa levaban a cabo e 3 máis das que viran ao longo da feira coas que quixeran comprometerse. Neste [enlace](#) poden verse algúns elementos máis que se configuraron para a feira.

Temporalmente o funcionamento da feira xestionouse en dous días en dúas quendas respectivamente. O primeiro día só para o alumnado que se dividiu en dous grupos alternando os roles de atender os stands e funcionar como público en cada unha das quendas. O segundo día por fin recibimos ás familias e veciñanza que puideron visitar e aprender de todo o que lle contaron as nenas e nenos. A valoración do público asistente foi altamente positiva.

No seguinte enlace poden verse vídeos dos dous días con entrevistas ás familias no segundo [ENLACE](#)



AVALIACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO.

O proxecto contribuíu de xeito moi extenso ao traballo de aspectos diversos do currículo, poderíamos dicir incluso que se traballaron moitos aspectos que supuxeron en realidade unha gran extensión do mesmo, facendoo ademais de xeito interdisciplinar, contextualizado e moi significativo.

Por suposto, e tal e como se comentou no apartado pertinente tamén contribuíu ao desenvolvemento das competencias clave de xeito xenuíno.

Podemos dicir que a avaliación do proxecto foi moi positiva, tanto polas aprendizaxes acadadas, como polo empoderamento e a mellora da autoestima do alumnado e a repercusión positivísima que tivo entre a comunidade. Factor de gran relevancia no noso centro, onde un obxectivo xeral clave é o de achegar ás familias á labor que se leva a cabo no mesmo. Moi reseñable neste caso a conciencia que acadaron as familias na feira do inmenso traballo e aprendizaxes que conseguiran acadar da man dunha gran motivación.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

Como vimos mencionando ao longo de toda a memoria, dende a biblioteca planificouse e coordinouse todo o proxecto, xerando documentación variada con este fin. Ademais levouse a cabo unha ampla labor de asesoramento ao longo de todo o proceso, chegando incluso a proporcionar unha formación en proxectos para todo o profesorado do centro.

Foi a encargada de cohesinar os produtos das aulas en produtos comunitarios como presentacións e vídeos. Tamén se deseñou a imaxe da campaña dende a biblioteca. Entre outras labores xerouse un banner que se pasou a todas as aulas coa finalidade de dotar de coherencia, a nivel de imaxe, a todos as infografías, e contribuindo a que a feira gozase dunha identidade homoxénea.

Por suposto a biblioteca foi tamén fonte de recursos para o proxecto, tanto bibliográficos como dixitais, a través da curación de contidos.